



O carballo falante

Patricia Real Romero

Aínda que esta historia poida parecer máxica e irreal, sucedeu de verdade nunha fraga de Galicia... Non é unha historia corrente, xa que os seus personaxes tampouco o son, coma Fermín por exemplo. Que quen era Fermín?, pois veredes, era un pequen o lucecú que vivía nesa fraga xunto con outros da súa especie; era moi áxil e voaba moi ben, pero tiña un problema: non lucía coma os demais; por moito que o intentara, do se u cú non saía nen unha raiola de luz.

Iso facía que tódolos seus compañeiros se riran del e o rexeitaran; incluso os da súa propia familia tamén se avergoñaban del.

Fermín adoitaba pasar moito tempo só ou en compañía da súa amiga Marta, unha esquío moi rebuldeira coa que xogaba. Ela tamén tiña o seu medo...ás alturas, o que lle impedía trepar polas árbores.

Por esas razóns ámbolos dous sentían que non encaixaban entre os seus.

Un día Marta chegou canda Fermín moi nerviosa e emocionada e contando que lle oíra á súa familia falar dunha antiga lenda:

- Conta esa lenda que no máis profundo da fraga hai un carballo que fala e que ten a solución a calquera problema que se lle plantexe dixo a esquío. Igual pode axudarnos cos nosos!

- Tes razón! afirmou Fermín. A que estamos esperando? Imos aló!

Os dous amigos partiron cara o corazón da fraga. Decidiron viaxar de día; coa luz do sol camiñaban e ás noites, durmían agochados nalgún tronco ou cova que atopaban polo camiño.

Ían moi ilusionados pero tristes á vez, xa que sabían que ningún os botaría moito en falta.

Para conseguiren comida traballaban en equipo; Fermín voaba ata o alto das árbores e tiraba os froitos que atopaba, e Marta recollía os do chan e pelába os nun pis pas.

Un día que ía moita calor, os animalíños chegaron ó pé dun lago mortos de sede. Despois de beberen ata se fartar, sentaron a descansar enriba duns penedos; de súpeto, a rocha na que sentara Fermín comezou a se mover:

- Quita de enriba miña! berrou.

- Eh? Fermín levantouse dun chimpo. E ti quen es?

- Chámome Xiana e son unha xoaniña contestou ela.

- Unha xoaniña? preguntoulle Marta. Pero...as xoaniñas teñen manchas negras, e ti es vermella...

- Ese é o meu problema, esquío observador! dixo Xiana alporizada.

- Non te preocupes que non es a única diferente por aquí. Eu son Fermín, un lucecú sen luz, e ela é Marta, unha esquío con medo ás alturas. Dirixímonos cara ó carballo que está no medio da fraga porque din que fala e que igual podería axudarnos a ser coma os demais dixo Fermín.

- Vaia, que interesante!, podo acompañarvos? dixo Xiana moito máis animada.

E con esas palabras, os tres novos amigos reemprenderon a marcha, ledos e sen se decatar de que uns malévolos ollos os estaban observando....





Despois de viaxaren uns cantos días, os animais chegaron por fin ao claro onde se atopaba o carballo; era altísimo e tiña un furado no medio do seu tronco.

Os amigos estaban a admirar a súa beleza cando de súpeto, oíron uns rúidos ás súas costas. Sen darlles tempo a reaccionar, unha donicela xurdiu dun chimp de entre as matogueiras coas fauces ben abertas e disposta a devoralos.

Ao ver que os seus amigos estaban en perigo, Fermín voou cara a ela sen pensalo, mentras do seu cú saía unha luz intensa coa que cegou á donicela. Nese intre Marta tamén reaccionou, colleu a Xiana e trepou con ela ao lombo ata meterse no oco do carballo.

- Vente Fermín! Aquí estaremos a salvo! gritou Marta.

Alí metidos e recuperando a respiración despois de tal susto, Xiana dixo:

- Amigos!, non vos decatá stedes do que acab ades de facer?, os vossos problemas están arranxados!, a Fermín xa lle resplandece o cú, e ti xa podes trepar ós altos!

- É verdade! exclamaron os bechiños.

- Agora só faltas ti Xiana, imos falar co carballo dixo Marta.

Antes de poderen pronunciar palabra, da escuridade do furado saíu unha fermosa curuxa, e canda ella, un peto moi colorido que semellaba estrañado:

- Que facedes vós aquí?, ninguén debería de subir ata este oco! dixo.

- Sentímolo moito disculpouse Marta pero atacounos unha donicela e ti vemos que agocharnos ó fuxir. Queremos falar co carballo para que nos axude.

Ó ver que os tres animalíños dicían a verdade, Catuxa e Pedro (que así se chamaban), decidiron contarlles o segredo da árbore:

- Amigos, non hai tal carballo falante, deixádeme e xplicarvos: a curuxa Catuxa máis eu estabamos profundamente namorados, pero as nosas familias non nos deixaban estar xuntos porque eramos de especies diferentes. Trataron de separarnos, pero fuximos; logo atopamos este fermoso carballo onde eu, co meu fort e peteiro, fixen este furado.

Para buscar comida eu saía polo día e Catuxa pola noite, evitando que nos viran, entón os animais do bosque ao escoitar voces dentro e non ver a ninguén, pensaron que era un oco máxico e comezaron a traerlle ofrendas e a pedirlle solucións para os seus problemas. Eramos nós os que contestabamos, pero o eco do furado facíalles crer que era o carballo o que falaba relatou Pedro.

- Co paso do tempo a lenda do carballo foi estendéndose ata os puntos máis remotos da fraga continuou Catuxa e nós nada dixemos, porque somos moi felices estando xuntos e intentamos que os demais tamén o sexan coa nosa axuda.

- Entón...poderedes preguntou Xiana preocupada.

- Tentaremos facelo dixo Pedro cal é o teu problema?



- Son unha xoaniña que non ten manchas...

Pedro e Catuxa non crían o que oían.

- Ti non es unha xoaniña, muller!, ti es un fermoso escarabello vermello! dixeron os paxaros.

Todos se botaron a rir felices.

E así foi coma os animalíños solucionaron as súas preocupacións e labraron unha amizade de por vida.

Aprenderon o valor dos amigos e do traballo en equipo, e tamén importantes leccións: as diferenzas deberían de unir e non separar, e que ser ou facer algo diferente ao establecido, non te convirte en malo, senon e n moi especial.

FIN

